

**ACTA N° 08/2012**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2012.**

**ORDE DO DÍA**

Único.- Nomeamento de D. Manuel Anxo Méndez Fraguas como fillo adoptivo do Concello de Moaña.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 5 de xullo do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnenos os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

**ÚNICO.- NOMEAMENTO DE D. MANUEL ANXO MÉNDEZ FRAGUAS COMO FILLO ADOPTIVO DO CONCELLO DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde sinala que se celebra este Pleno, recollendo a solicitude de diferentes colectivos moañeses. O Concello de Moaña acolleu de forma mancomunada entre os tres partidos representados na Corporación Municipal, a proposta de nomear a D. Manuel

Méndez Fraguas fillo adoptivo do Concello de Moaña. O desenvolvemento do Pleno acollerase ao seguinte orde: En primeiro lugar, o Secretario da Corporación vai dar lectura da tramitación e proposta do expediente. En segundo lugar haberá unha intervención breve das tres instrutoras, Dna María Colomba López Freire, Dna Coral Ríos Santomé e Dna Marta Freire Riobó. A continuación intervirá un Voceiro dos colectivos, D. Gonzalo Riobó Costa. Seguidamente intervirán os Voceiros dos Grupos Políticos da Corporación, D. Xosé Manuel Millán Otero polo BNG, Dna. Susana Varela Santiago polo PP e D. Víctor Pastoriza Lino polo PSOE. A votación, como toda a Corporación está de acordo co nomeamento, farase por asentimento. Despois haberá unha entrega de diploma e unhas palabras de D. Manuel Méndez Fraguas de atoparse presente e a despedida do Alcalde.

O Sr. Secretario procede a dar lectura á tramitación do expediente e a proposta redactada polas Instrutoras do expediente:

Con data 8 de marzo de 2012 unha comisión de veciños presentou ante esta Alcaldía proposta para o nomeamento como fillo adoptivo de Moaña de D. Manuel Anxo Méndez Fraguas, acompañando relación dos méritos que o avalan para facelo merecente de tal distinción.

*O Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións* sinala no seu art. 3.1. que o expediente para a concesión de honores poderá incoarse “c) Por solicitude de trescentos/as veciños/as residentes maiores de idade inscritos/as no correspondente Padrón municipal de habitantes”, que no acordo de incoación de expediente deben “expresarse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto de expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou distinción que se pretende que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos para co Concello de Moaña” e así mesmo deberá nomearse “un xuíz instrutor e o funcionario ou funcionaria a quen se nomea para o cargo de secretario/a”.

En sesión plenaria celebrada en data 30 de marzo de 2012, o Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 3.1 do Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións, acordou iniciar expediente para outorgar a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas a distinción de fillo adoptivo de Moaña, nomear ás Concelleiras Dna. María Colomba López Freire, Dna. Marta Freire Riobó e Dna. Coral Ríos Santomé como instrutoras do expediente e a D. Carlos Piñeiro Sarmiento como secretario para a súa tramitación.

Recabados antecedenentes e documentación adicional á previamente presentada respecto da acreditación dos feitos habilitantes do nomeamento, as Instrutoras do expediente formulan proposta de nomeamento en data 16 de maio de 2012.

A citada proposta foi exposta ao público, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello entre os días 23 de maio e 8 de xuño do presente ano, durante os cales os veciños e veciñas puideron presentar as reclamacións e obxeccións que estimaran oportunas. De selo caso a Comisión emitiría informe respecto das reclamacións presentadas.

No citado prazo de exposición pública non se presentaron alegacións.

De conformidade co artigo 3, parágrafo 7º do *Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións*, procédese a dar lectura á proposta de nomeamento emitido polas Instrutoras do expediente, de conformidade co parágrafo 5º do

citado artigo 3, que se someterá a votación secreta deste Pleno e requirirá, para a súa aprobación, voto favorable das dúas terceiras partes do número legal de membros da Coporación:

**“PROPOSTA PARA NOMEAR A D. MANUEL ANXO MÉNDEZ FRAGUAS FILLO ADOPTIVO DE MOAÑA.**

SOLICITANTES E INSTRUCTORAS DO EXPEDIENTE, APROBADO NO PLENO DO DÍA 30 DE MARZO DE 2012:

COLOMBA LÓPEZ FREIRE (Concelleira Delegada de Cultura).

CORAL RÍOS SANTOMÉ (Concelleira do BNG).

MARTA FREIRE RIOBÓ (Concelleira do PSdeG-PSOE).

ANTECEDENTES.

En novembro de 2010, Xesús Cancelas Franco e Xosé Carlos Villaverde Román, en representación da comisión formada por Maricarmen Moreira (CEIP Reibón), Gonzalo Riobó Costa (Ateneo de Moaña), Jorge Blanco Cancelas (Comparsa Os da Taza), Eugenio Nogueira Cancelas (Unidade Galega e Os da Taza), Miguel Costa Fernández (ASCON), Manuel Currás Meira (ASCON), Xosé Carlos Villaverde Román (A.C. Nós), Suso Cancelas Franco (Plataforma Pola Supresión da Peaxe) e Balbino Barcia Corrales (Asociación Veciñal Berducedo-Piñeiro), tomaron a iniciativa de presentar escritos aos grupos municipais de Moaña do Partido Popular, do PSG-PSOE e do BNG, no que expoñían un primeiro currículo de D. Manuel Méndez Fraguas, a fin de obter unha información favorable ao nomeamento de Fillo Adoptivo de Moaña, de acordo do REGULAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA PARA CONCEDER DE HONORES E DISTINCIÓNS, aprobado en pleno do 26 de marzo de 2010.

Debido á proximidade das eleccións municipais, e enticipo das xerais, e co ánimo de non incidir en procesos electorais, a comisión mencionada decidiu reiniciar a solicitude nos primeiros meses do ano en curso, optando polo punto c) do Artigo 3 do citado Regulamento Municipal, no que se refire á sinatura de trescentos/as veciños/as, maiores de idade inscritos no Padrón Municipal de habitantes.

PROCESO

O día 8 de marzo de 2012, entra no Rexistro do Concello de Moaña a SOLICITUDE PARA NOMEAR A D. MANUEL ANXO MÉNDEZ FRAGUAS, FILLO ADOPTIVO DE MOAÑA, acompañada de 464 sinaturas a un breve currículo –revisado-, dicindo:

“Que Manuel Anxo Méndez Fraguas, natural da parroquia de Loureiro (Cotobade), e procedente de Marín e Pontevedra, chegou a Moaña en 1972, onde lle foi outorgada a praza de mestre no colexio público de Reibón que non puid exercela ata rematar o servizo militar en 1973. A partir de 1974, casa con Elisa de la Peña González e fixaron a sús residencia no

Concello, formando unha familia con dúas fillas e un fillo. Méndez, integrouse perfectamente na sociedade moañesa, desenvolvendo e participando activamente en programacións, eventos e acontecementos, de carácter cultural, deportivo, político, cívico, musical, etnográfico, folclórico, etc., que se resume a continuación.

\*Entre 1973 e 2010, como profesional de ensino, desenvolveu innumerables actividades complementarias ao seu labor docente: revistas, exposicións, entroidos, maios, excursións, recitais, concursos, fotografías, actividades relacionadas coa natureza e unha morea de animacións para os alumnos.

\*Aproximadamente en 1973 dáse de alta como socio do Ateneo e participa no equipo de fútbol da propia sociedade, nos campionatos de Praias. Durante os anos 1974/6 foi elixido presidente desta sociedade e destaca pola súa programación encamiñada á recuperación e potenciación da cultura galega con obras teatrais, conferencias, recitais poéticas ou musicais, concursos infantís, etc

\*Na etapa da Transición á democracia, milita na AN-PG (1975-1977) e preséntase en 1977 ao Parlamento Español como terceiro na lista de Deputados por Pontevedra na candidatura do BN-PG.

\*A partir de 1979 colaborou na fundación do Partido Obreiro Galego, liderado por Camilo Nogueira.

\*En outubro de 1977, participa e apoia gran manifestación sobre a necesidade de construír novos colexios e como mestre reclama a construción dun centro de Formación Profesional e o ensino preescolar.

\*Preséntase ás primeiras eleccións democráticas (1979) como candidato á Alcaldía por parte da coalición Unidade Galega. Consegue ser a segunda lista máis votada, despois da UCD. Debido aos Pactos do Hostal, non foi nomeado alcalde, pero si concelleiro de Facenda, Patrimonio e Persoal. Do seu selo conservamos hoxe, como responsable da Comisión de Patrimonio, a formación inicial da alameda de Moaña e as plantacións de árbores na Xunqueira, do que hoxe gozamos os moañeses e demais visitantes. En maio de 1983 abandona a vida municipal directa.

\*En 1978 e anos seguintes, integrouse no Comité de Ascón, colaborando principalmente na organización dunha exposición e poxa de cadros de artistas galegos que se celebraron en Vigo e Santiago.

\*Alertados por Greenpeace, os colectivos ecoloxistas de Esquerda Galega, entre eles o propio Méndez, embarcan no Xurelo (1981-1982) para protestar contra os vertidos nucleares na Foxa Atlántica. En realidade, a súa faceta ecoloxista xa viña precedida de anos atrás, cando participou en 1977 na marcha antinuclear de Xove (Lugo).

\*Acompañado da súa muller, Elisa e en unión doutros colectivos europeos, manifestáronse por diversas capitais e cidades centroeuropeas, sobre todo en Bélxica e Holanda. Estas reivindicacións axudaron a lograr a moratoria que, dende 1983, prohíbe utilizar o mar como vertedoiro dos residuos da enerxía nuclear.

\*Cando a AA.VV. Breogán, organiza o primeiro Enterro da Sardiña celebrado en Moaña no ano 1981, Manuel Méndez colabora no tamén chamado enterro do Momo. E dende 1983 ata 2002, xunto cunha dúcia de amigos, promove a comparsa “Os da Taza” para converterse despois nunha asociación cultural, gastronómica e musical co mesmo nome. O seu traballo foi fundamental para legarnos un arquivo sonoro e gráfico, onde tamén recolleron partituras de entroido de principios do s. XX.

\*En 1984 intégrase na A.C. Nós e a través da sección de Imaxe e Son, para colaborar na creación de audiovisuais, diapositivas, fotografías, cine, recuperación de fotos antigas e montaxe de exposicións. Tamén se afeccionou ao mundo da micoloxía organizando durante varios anos conferencias, exposicións e saídas de campo na procura de cogomelos.

\*Entre febreiro de 1999 e febreiro de 2002, e de xullo de 2005 ata xullo de 2006, que asumiu a presidencia da Plataforma Pola Supresión da Peaxe de Rande, deulle un impulso á reivindicación, dinamizando unha estratexia plural, aberta e integradora que redundaría na supresión en 2006.

\*A partir de 1994, participa activamente na Asociación Veciñal de Berducedo-Piñeiro, colaborando dende a directiva (vicepresidente en 1995), nas reivindicacións, publicacións, exposición, sinalización dos lugares, charlas, etc.

\*Aínda hoxe, despois da súa xubilación, mantén compromisos con Moaña. Proba diso é que actualmente, é directivo e colaborador de AFAMO e ademais segue dando conferencias, colabora cos colexios, monta exposicións e segue traballando nas publicacións sobre os volumes “Moaña, Historia Fotográfica I e II” dos que é coautor.

Á vista do expresado, é obvio que tanta dedicación e entrega por e para mellorar Moaña é, sen lugar a dúbidas, produto de cariño cara o noso concello. Por iso, a relación de asinantes

#### SOLICITAN Á CORPORACIÓN

Teña a ben concederlle a **D. Manuel Anxo Méndez Fraguas** o título de FILLO ADOPTIVO DE MOAÑA, así como o recoñecemento á súa sensibilidade pola natureza, cunha **placa inscrición**, que propoñemos localizar no parque da Xunqueira dado o gran labor pola recuperación deste areal realizado durante a participación pública como concelleiro de Facenda, Patrimonio e Persoal na primeira lexislatura desta etapa democrática.

Por todo o expresado, as veciñas e veciños asinantes, agradécenlle a présa nas formalizacións e procedementos requiridos no ‘REGULAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA, PARA CONCEDER HONORES E DISTINCIÓNS’.

#### APROBACIÓN PLENARIA.

En sesión plenaria celebrada o día 30 de marzo de 2012, foi sometida a votación a solciitude que nos ocupa, aprobándose por unanimidade de todos os grupos políticos representados na Corporación, e o inicio de incoar expediente, nomeando como instrutoras do caso a:

COLOMBA LÓPEZ FREIRE (Concelleira Delegada de Cultura).

CORAL RÍOS SANTOMÉ (Concelleira do BNG).

MARTA FREIRE RIOBÓ (Concelleira do PSdeG-PSOE).

As actuais instrutoras, consideran que o expediente reúne os requisitos previstos no Regulamento citado e por iso de acordo co indicado, PROPOÑEMOS:

Que o Pleno do Concello de Moaña nomee a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas como fillo adoptivo de Moaña.”

Seguidamente interveñen as tres Instrutoras:

Dña Colomba López Freire sinala que neste 2012 no que se cumpren cincuenta anos da primeira edición da obra “Memoris dun neno labrego”, de Xosé Neira Vilas, non podemos deixar de lembrar que Manuel Méndez Fraguas foi tamén, de nacemento, un neno labrego dunha aldea chamada Loureiro, en Cotobade, procedente dunha familia que se trasladaría dende a súa Terra de Montes interior ata Marín, no litoral da ría de Pontevedra. Este tránsito da Galicia agraria á mariñeira, dende o rural ao urbano, baleirou demográficamente o interior de Galicia dende os anos 60 do pasado século, unha época de carencias na calidade de vida, un camiño que realizaron milleiros de persoas ilusionadas a prol dun proxecto de vida mellor en Pontevedra, Vigo, Madrid, Barcelona, Alemaña, Suiza ou, como Manuel Méndez, en Moaña. Ao revés que moitas vilas do interior de Galicia, Moaña, nos anos 70, deu un salto económico, demográfico, educativo e sociocultural que significou a nosa maior transformación no século XX e, sen deixar de ser un concello cada vez menos emigrante, pasou a recibir tamén a chegada de persoas que encontraron aquí o que non había, ou había en menor cantidade, nas súas localidades de procedencia: aqueles foron os anos onde Moaña comezou a ser máis hospitalaria e cosmopolita, unha casa aberta para vivir e traballar, unha filosofía que aínda forma parte da nosa identidade: Moaña como pobo acolledor, que axuda a integrarse, que comparte o que hai na mesa sen facer distinción de credos, niveis económicos ou procedencia territorial. Dende a Terra de Montes dos históricos canteiros que labraron a pedra por toda Galicia, ata o Morrazo das mariscadoras, as atadeiras e os mariñeiros, vai tan pouca distancia como a do abrazo cordial que celebramos hoxe como irmáns, entre o interior e o litoral de Galicia. Saúde, longa vida e feliz estancia nas terras de Moaña para o novo fillo adoptivo no noso Concello. (Aplausos dos asistentes).

Dña. Coral Ríos Santomé agradece persoalmente dentro da Corporación e en nome do seu Grupo pola posibilidade de participar nesta homenaxe a unha persoa tan querida e admirada por ela. Foi un pracer ser a súa alumna, sígoo recordando como aquel profesor dos anos 70. O mellor para Moaña, xente coma el, Elisa, Miguel e Laura, xente nova, implicada no seu contorno, déronlle un novo concepto á escola e mestre. Revisando polo miúdo a súa traxectoria pode confirmar que Manolo é o máis parecido que coñezo a un home do Renacemento sabe de todo e vale para todo. Nós temos a sorte de telo en Moaña. Por iso pode afirmar, sen ningunha dúbida, que é máis que merecedor da distinción de fillo adoptivo de Moaña. Moaña e os moañeses temos que agradecerlle profundamente a Manolo e Elisa que decidisen quedar a vivir en Moaña. Moitas grazas. (Aplausos).

Dña. Marta Freire Riobó sinala que hoxe estamos aquí celebrando o recoñecemento de Manolo Méndez.. De sobras son coñecidos os seus méritos, como xa mencionaron as miñas compañeiras. Falar de Manolo Méndez e falar de un home que impulsou neste pobo a súa vida, que traballou nel. Ao que dedicou as súas loitas. Un home inquieto, que no seu día a día tenta profundizar e seguir investigando na historia da nosa vila. Hoxe rendemos homenaxe a un home que non dubidou en ningún momento, como se fose un moañés máis de nacemento, en participar en movementos sociais, culturais e políticos do noso pobo. Un home que en

etapas moi duras foi moi activo ao fronte de moitas plataformas e colectivos, poñendo sempre por diante os intereses de Moaña fronte a calquera outro interese. Quero falar do meu vínculo con Manolo Méndez, como ex alumna do colexio público de Reibón. Para min, Méndez é un mestre con maiúsculas, unha persoa que entende a educación máis que coma unha aprendizaxe, coma un vínculo entre alumnado e profesorado, que intentou sempre facer da educación como un contacto dos alumnos co entorno. Non podemos esquecer, os ex alumnos, que agardabamos as súas clases para saír á praia, ao monte, para coñecer o entorno de Moaña. Fixo de nós uns pequenos investigadores durante a nosa docencia. Falar de Moaña vai ser falar de Manolo Méndez e viceversa. Este vínculo é incuestionable e razón para que hoxe se nomee fillo adoptivo deste pobo. (Aplausos).

D. Gonzalo Riobó Costas, Voceiro dos Colectivos, afirma que ten á honra de dirixirse ao Alcalde e Concelleiros facendo uso da facultade que lle outorgaron os compañeiros de Comisión para manifestar a súa satisfacción e inmensa alegría polo resultado unánime da que se vai acadar, hai compromiso de que será unánime, a favor de nomear como fillo adoptivo ao noso veciño, D. Manuel Anxo Méndez Fraguas. Coa súa decisión, que sinceramente agradecemos, non fixeron senón elevar o listón de ennobrecemento de un pobo que sabe recoñecer e agradecer aos seus veciños os traballos e desvelos a prol do melloramento e defensa dos valores e dignidade precisos cara o engrandecemento cultural, material e humano dos seus habitantes. Somos conscientes dos esforzos que algúns de vostedes tiveron que facer para superar cuestións persoais e diferenzas ideolóxicas, nun acto no que se tiveron en conta os méritos que durante cuatro décadas atesourou e segue a atesourar o homenaxeado, Manuel Méndez. Esta actitude ennobrece a aqueles que a tomaron e merece os nosos especiais parabéns. Permítasenos agora facer un resumo de Manolo Méndez que reúne, entre outros, tres grandes valores: Primeiro, é o home imprescindible que necesita calquer pobo, porque non loita un día, nin unha semana, nin varios anos. El é dos que loitan toda unha vida para conquistar un mundo mellor. Segundo, vai pola vida co corazón aberto e ca verba amiga, como ten demostrado en múltiples ocasións dialogando cos políticos de distintas opcións, nacionalistas, non nacionalistas, de dereitas, de esquerdas, co fin de acadar, por exemplo, a gratuidade da peaxe da ponte de Rande ou melloras nas dotacións escolares. Terceiro, é bo e xeneroso, porque non pensa no seu problema senón no problema dos demais. Demostrouno cando se embarcou no Xurelo rumbo á fosa atlántica a tentar impedir que o lixo radioactivo procedente de Europa do Norte fose vertido no fondo do mar, fronte as nosas costas, ou cando colaborou cos traballadores de Ascón, saíndo a procura de medios económicos para paliar a precaria situación económica dos máis necesitados pola folga do 78 e conseguindo que varias artistas plásticas galegas doasen varias obras de arte facendo con elas dúas poxas con resultados razoablemente positivos. A todo o anterior, debemos engadirlle que durante a súa vida profesional de trinta e cinco anos de docencia, foi un exemplar e infatigable traballador do ensino, inculcándolle aos seus alumnos non somentes o interese polas ramas do saber, senón tamén o amor e respecto pola natureza, polo noso idioma, pola nosa cultura e pola convivencia digna. Para rematar, dicir que Moaña e os moañeses, temos que estar e estamos moi orgullosos de contar entre nós con un veciño que ao longo destes últimos corenta anos ten demostrado a bondade, ser merecente de recibir e mostrar con orgullo o nomeamento de fillo adoptivo deste maravilloso pobo. Moitas grazas. (Aplausos).

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o BNG apoia con todo entusiasmo a proposta de declaración de Manuel Méndez Fraguas como fillo adoptivo de Moaña. Manuel Méndez é acreedor de moitas distincións. Entre elas cabería a de nomeamento de Concelleiro honorario desta Corporación. Méritos no seu traballo como Concelleiro entre 1979 e 1983 non lle faltan. O BNG aplaude tamén nel a súa traxectoria na defensa dos intereses do pobo. En especial o seu papel nesa primeira Corporación democrática moañesa, en que é autor de moitos dos grandes feitos que se levaron a cabo naquel primeiro proceso de modernización do noso Concello, fíxoo no ardor da mocidade e con entusiasmo, descubriendo mundos novos para todos os moañeses. A el e a todos aqueles que participaron débese o primeiro impulso de modernización do Concello, ampliáronse alumeados, alcantarillado, asfaltáronse novos camiños, soñouse unha Moaña distinta despois daquela longa noite de pedra que tiña que atravesar o noso pobo. Pelexouse pola mellora duns servizos educativos que daquela eran practicamente inútiles para atender o gran boom de poboación que se estaba a producir dende os anos 70 no noso Concello. Sobre todo a el, a eles, débese a implantación do espírito democrático nun concello que viña de corenta anos de duro autoritarismo, sempre pensando en Galiza e na prosperidade e na mellora do pobo galego. Por iso o BNG apoia a proposta de nomeamento de Manuel Méndez, aparte dos seus méritos persoais, coma unha homenaxe a toda aquela xeración, a todas aquelas persoas que neses anos e seguintes loitaron por unha Moaña, por unha Galiza mellor. Sabemos que Manuel Méndez encarna mellor que ningún outro ese espírito colectivo daqueles que soñaron por unha Galiza cada vez máis libre, máis próspera, máis galega. A longa traxectoria posterior daqueles anos en diante convertérono en todo o que se leva afirmado, un mestre admirado e querido por todos os seus compañeiros de colexio, por todos os seus alumnos e alumnas. Un activo dinamizador cultural. Converterono nun intelixente líder veciñal entendéndoo non como aquel que se pon por riba dos outros senón como aquel que sabe estar entre todos e todas, sabe estruturar as persoas, crear grupos, facer equipos, para convencernos a todos de que incluso os logros máis utópicos, se hai esforzo e perseverancia, son posibles. Por esa capacidade innata en Méndez, polo seu desprendemento, pola súa humildade, pola súa tenacidade, pola súa firmeza acompañada de amabilidade, polo amor inquebrantable que sempre profesou e profesou nosa Galiza, polo amor que profesou e profesou á nosa lingua e á nosa cultura, pola identificación que sempre o caracterizou co progreso, o benestar, a liberdade, a vida do noso concello e o noso país. Vou repetir as palabras de Gonzalo, que me parecen moi atinadas. Por iso Manuel Méndez merece mellor ou tanto como calquera outro as palabras de Bertolt Brecht que din: “Hai homes que loitan un día e son bos, hainos que loitan un ano e son mellores, hainos que loitan moitos anos e son moi bos, pero tamén os hai que loitan toda a vida, todos e cada un dos días da súa vida, e esos son os imprescindibles.” Por iso o BNG apoiará entusiasmado a proposta de nomeamento. (Aplausos).

A Sra. Varela, Voceira do PP, sinala que o acto formal do día de hoxe significa para o seu Grupo atender a unha demanda expresada formalmente por Xesús Cancelas Franco e Xosé Carlos Villaverde Román, que entregaron no seu día un escrito expoñendo os méritos que concorren na persoa do homenaxeado como participante activo en programacións, eventos e acontecementos de carácter educativo, cultural, deportivo, político, cívico, musical, etnográfico, folclórico, etc. O Partido Popular celebra e asume, con toda a Corporación Municipal e o Concello de Moaña, esta distinción a Manuel Méndez Fraguas, persoa que acreditou, como consta na relación de méritos aportada pola ponencia, un traballo persoal,



cultural e educativo reflectido nas sucesivas xeracións de alumnos do actual CEIP de Reibón, a difusión do entroido ou a fotografía histórica, entre outros labores merecentes do recoñecemento oficial de fillo adoptivo do Concello de Moaña.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que con este acto administrativo, o que estamos facendo é trasladar a papel algo que xa é na realidade, Manuel é un fillo máis do noso Concello. Animo ás persoas que tan ben prepararon a documentación para a súa declaración coma fillo adoptivo, para que acto seguido ao seu nomeamento de fillo adoptivo o declaremos fillo predilecto. O feito de falar de último ten o hándicap de repetir o xa afirmado. O curriculum que adorna a personalidade de Manolo Méndez é de sobras coñecido. Se cadra aqueles que fomos alumnos del cando no ano 72 se constituíu o Colexio de Reibón, formando parte dos miles de alumnos que agruparon naquel colexio de Reibón, igual temos unhas vivencias máis frescas e persoais daquel grupo de mestres, todos novos, que chegaron falando galego ao colexio en algo tan rupturista naquel momento. Ca visión e perspectiva que da eses corenta anos de distancia, un añora aqueles tempos e vota de menos a aquela recua de mestres progresistas que facían das aulas un sitio onde convivir e convivir ben. Posteriormente Manolo participou en un sinfín de colectivos veciñais, culturais e sociais onde amosou a súa faceta máis desinteresada. No que realmente amosou ese desinterese foi no colectivo onde máis coincidín con el, na plataforma cidadá pola supresión da peaxe. O que máis me chamou a atención, foi a implicación de unha persoa como Manolo, que ocupou practicamente todos os cargos na plataforma, e que non ía a Vigo, non cruzaba a ponte e non pagaba peaxe, peaxe que tiñamos que pagar os que participabamos na plataforma. Como derrochaba tanta vitalidade e era capaz de levar a cabo tantas iniciativas, tan mediáticas e que tan bo resultado tiveron na cidadanía. Á postre conseguíuse, ca implicación de moitas persoas, rematar con aquela peaxe inxusta. Destacar estas dúas circunstancias e tamén convén destacar dos que coñecemos a súa faceta persoal, que e cadra aínda estamos máis convencidos para nomealo fillo adoptivo. Se aquí houbera unha competición Manolo sería o gañador e o accésit sería para a súa compañeira Elisa. Grazas. (Aplausos).

O Sr. Alcalde sinala que segundo acordo entre os representantes dos Grupos da Corporación, a votación faise por asentimento. Sen necesidade de votación, queda proclamado D. Manuel Anxo Méndez Fraguas fillo adoptivo do Concello de Moaña. (Aplausos).

O Sr. Alcalde cede a palabra ao Sr. Méndez.

O Sr. Méndez afirma sentirse emocionado. Engade que é para el unha honra recibir tal nomeamento que en tan contadas ocasións foi concedido polo noso Concello. Quero agradecer, en primeiro lugar, a toda a Corporación Municipal que o acordaran por asentimento, e dentro de ela e de forma especial, ás miñas ex alumnas, Instrutoras do expediente, Colomba López Freire, Marta Freire Riobó e Coral Ríos Santomé, unha das miñas primeiras alumnas en Reibón, sen esquecerme tampouco de Víctor Pastoriza. En segundo lugar, teño que agradecer de corazón o traballo do que eu chamo a “Comisión das nove persoas”, que se empeñaron en recoller firmas e propoñer á Corporación, actuando case sempre ás miñas costas. ocultándome vacilándome, agochándome o que estaban facendo. A Policía Municipal que me ten informado, e algún firmante, que me dixo que firmou porque eras ti. Funme enterando pouco a pouco. Grazas a todos e todos os presentes, que quixestes agasallarme coa vosa compañía. Grazas a todos e todas os que me precedestes no uso da

palabra e se mostraron excesivamente xenerosos atribuíndome méritos que considero colectivos e en poucas veces individuais. Na meirande parte dos méritos que se me outorgan, sempre foron moitas as persoas que traballando ao meu carón nos permitiron lograr unha serie de metas que nos propuxemos. Sempe houbo un traballo colectivo. Non fun eu o único protagonista. O número de colectivos nos que me integrei ou que nos contribuían a crear ou potenciar demostran que as asociacións que hai en Moaña, o seu número, é e foi moi importante dende hai algo máis de cen anos, o que demostra que Moaña é un concello vivo e moi activo. Todas as persoas que estiveron ao meu carón, en especial a miña compañeira Elisa, son tan merecentes coma min desta distinción que se me outorga ou doutra xeneral. Finalmente quero compartir este nomeamento con outros moitos veciños nosos que tamén un día chegaron dende fora para traballar ou vivir en Moaña dende hai moitos anos. Quero lembrarme, como fixemos no último libro de historia da escola pública, de moitas mestras e mestres que viñeron de outros lugares de Galicia e votaron aquí a maior parte da súa vida laboral. Quero lembrarme de xentes de calquera outras profesións, os médicos. Lémbrome de algúns que tamén exerceron en Moaña toda a súa vida laboral. Por último lembrarme de aqueles canteiros portugueses que viñeron a traballar ás canteiras do Cocho e da Borna e que se instalaron aquí, fundamentalmente en Meira, e formaron cada un a súa familia, con fillos, netos, bisnetos que conviven entre nós. A todos eles e elas quero facer chegar o meu, e se me permitides, tamén o voso agradecemento. Moitas grazas. (Aplausos).

O Sr. Alcalde felicita a D. Manuel Méndez polo seu traballo por Moaña. Hai xente á que nunca se lle recoñeceu esta distinción, pero neste caso si, entre todos fomos capaces de facer este recoñecemento. Felicitar, como non, a todos os moañeses e moañesas e ao seu fillos, a súa muller, ás Instrutoras, amigos, colectivos, ao Departamento de Cultura e a toda a Corporación pola celebración deste Pleno para a distinción de fillo adoptivo a Manuel Méndez Fraguas. Moaña é un pobo integrador e solidario, resaltar o bo facer da súa xente e dos seus fillos adoptivos e predilectos como no seu momento foron Eugenio Montero Ríos e Eduardo Vicenti Reguera, fillos adoptivos no ano 1910, Ernesto Carballo García, fillo predilecto no ano 1925, Daniel de la Sota y Valdecilla, fillo adoptivo en 1927, Emiliano Iglesias Ambrosio, fillo adoptivo en 1934, José Soage Hermida, fillo predilecto en 1934, Donato Bernárdez Sotelo, fillo adoptivo no ano 2001 e Santiago Castroviejo Bolívar, fillo predilecto no ano 2010. Hoxe, grazas a todos os veciños e veciñas de Moaña temos a un novo fillo que temos que coidar. Manuel Méndez Fraguas, ano 2012. Grazas Moaña, grazas a todos. (Aplausos).

Finalmente o Sr. Alcalde fai entrega ao homenaxeado de un diploma acreditativo do nomeamento e de unha placa conmemorativa.

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**